

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

16482 *Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a licenza comunitaria de controlador de tránsito aéreo.*

Entre as funcións técnicas propias da navegación aérea encóntrase a de control do tránsito aéreo, cuxo exercicio profesional foi regulado, no ámbito civil, polo Real decreto 3/1998, do 9 de xaneiro, sobre o título profesional aeronáutico civil e licenza de controlador de tránsito aéreo e, no ámbito militar, pola Orde do Ministerio de Defensa n.º 511/601/1982, do 24 de febreiro de 1982, sobre licenza de controlador de circulación aérea para o persoal do Exército do Aire, e a Orde do Ministerio de Defensa 4/1990, do 9 de xaneiro, sobre as normas xerais para a concesión, validación, revalidación, renovación, ampliación e anulación das tarxetas de aptitude do persoal con titulación aeronáutica.

As novas disposicións ditadas tanto pola Organización de Aviación Civil Internacional (en diante OACI), a través das emendas do anexo I ao Convenio sobre aviación civil internacional, ben como a publicación da Directiva 2006/23/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de abril de 2006, relativa á licenza comunitaria de controlador de tránsito aéreo, requiren a modificación da normativa actual.

As modificacións do anexo I ao Convenio sobre aviación civil internacional afectan fundamentalmente a substitución das habilitacións actuais por outras novas, adaptadas ás novas tecnoloxías aplicadas ao control do tránsito aéreo, e a incorporación do requisito de competencia lingüística para os controladores de tránsito aéreo, polo cal os controladores están obrigados a demostrar a súa capacidade para falaren e comprenderen o idioma utilizado nas comunicacións radiotelefónicas.

Por outro lado, e en cumprimento do indicado no artigo 5 do Regulamento (CE) 550/2004, do Parlamento e do Consello, do 10 de marzo de 2004, relativo á prestación de servizos de navegación aérea no ceo único europeo, foi publicada a Directiva 2006/23/CE, do 5 de abril, que, alén de incluír as modificacións contidas no anexo I de convenio, adopta os requisitos regulamentarios de seguranza da Organización Europea para a Seguranza da Navegación Aérea (en diante Eurocontrol) para os controladores de tránsito aéreo, tamén coñecidos como ESARR 5.

Coa incorporación desta directiva ao ordenamento xurídico dos Estados membros, garántese o cumprimento das novas disposicións introducidas pola OACI e establécese un marco común con obxecto de garantir os máximos niveis de responsabilidade e competencia, mellorar a dispoñibilidade de controladores de tránsito aéreo e fomentar o recoñecemento mutuo das licenzas, reducindo a fragmentación neste ámbito e contribuíndo con isto a incrementar a seguranza do sistema de control do tránsito aéreo, as súas operacións e a eficiencia da organización das tarefas, mediante a expedición dunha licenza de controlador de tránsito aéreo no marco da crecente colaboración á escala rexional entre provedores de servizos de navegación aérea, algo esencial dentro do contorno do ceo único europeo.

No novo marco común, o contido deste real decreto refírese fundamentalmente ás condicións para a obtención dunha licenza de controlador de tránsito aéreo e aos requisitos para o exercicio desa actividade, tanto en relación coa prestación do servizo, como coa formación, adestramento e capacidade exixidos. Suprímese a especialidade do título, por resultar incompatible coa norma comunitaria, e créase unha base de datos para que a autoridade de supervisión poida levar un control da aptitude do controlador no seu posto de traballo e da vixencia das anotacións da súa licenza.

Por outro lado, fíxanse as condicións para obter o certificado como provedor de formación que demostre a competencia da organización para impartir a formación aos alumnos controladores e aos controladores de tránsito aéreo e garantir un nivel alto de seguranza na prestación do servizo.

Ademais, regúlase un sistema de recoñecemento e aceptación das licenzas, habilitacións e anotacións asociadas que fosen expedidas polas autoridades nacionais de supervisión dos Estados membros da Unión Europea e prevese o prazo para aprobar o procedemento para a troca das habilitacións e anotacións dos controladores aéreos que as obtivesen con anterioridade á entrada en vigor desta norma.

O ámbito obxectivo de aplicación do real decreto inclúe os alumnos controladores e os controladores de tránsito aéreo que presten servizos de control para movementos de aeronaves de tránsito aéreo xeral, calquera que sexa a natureza do provedor de servizos en que leven a cabo as súas funcións. Este ámbito de aplicación, coherente coas previsións da directiva, ten o seu fundamento na consideración de que sempre que unha persoa efectúe labores de control do tránsito aéreo xeral, debe cumprir os requisitos de coñecemento, experiencia e formación recollidos na Directiva 2006/23/CE, do 5 de abril.

En España existen, e están recoñecidas a nivel europeo, dúas autoridades nacionais de supervisión en función do carácter civil ou militar do provedor de servizos ou provedor de formación en que realicen as súas funcións os controladores ou alumnos controladores de tránsito aéreo.

A diferenza do réxime xurídico anterior, este real decreto establece os requisitos substantivos comúns ás licenzas de controlador de tránsito aéreo civil e militar, para garantir que cando se presten servizos de tránsito aéreo xeral, o nivel de seguranza e de calidade dos servizos sexa equivalente ao que resulte da aplicación das disposicións deste real decreto e da normativa internacional aplicable, nos termos previstos no artigo 1.3 da Directiva 2006/23/CE. Por tanto, establécense dúas autoridades nacionais de supervisión, unha civil e outra militar, competentes nos seus respectivos ámbitos.

Á autoridade nacional de supervisión correspóndelle o outorgamento, suspensión, limitación ou revogación das licenzas de alumno controlador e de controlador de tránsito aéreo, ben como autorizar e suspender as habilitacións e anotacións asociadas. Así mesmo, poderá propor o establecemento de anotacións nos casos excepcionais en que as características específicas do tránsito aéreo baixo a súa responsabilidade así o exixan e fixar, por motivos de seguranza, o límite de idade para exercer as atribucións dunha anotación de unidade.

Tamén lle corresponde a certificación dos provedores de formación e todas as cuestións relacionadas coa aprobación dos plans de formación e avaliación da competencia dos controladores e alumnos controladores, e a autorización dos centros médicos ou médicos examinadores.

Non obstante o anterior, exceptúase a autoridade militar nacional de supervisión da necesidade de certificar os provedores militares de formación, entendendo que a supervisión exercida polos distintos estamentos militares garante un nivel equivalente de seguranza e calidade dos servizos de tránsito aéreo xeral.

Por último, dáse cumprimento á Sentenza do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas do 16 de outubro de 2008, ao incorporar expresamente as condicións para recoñecer as licenzas nacionais expedidas por outros Estados membros.

Esta norma dítase en desenvolvemento do previsto no artigo 58 da Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea, de conformidade coa habilitación concedida na súa disposición derradeira cuarta, téndose oído na súa tramitación os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Fomento e da ministra de Defensa, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado, e despois de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de outubro de 2009,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer as condicións para a obtención dunha licenza comunitaria de controlador de tránsito aéreo e os requisitos para o exercicio desa actividade no ámbito do control do tránsito aéreo xeral.

Ademais, fíxanse os requisitos de formación e adestramento dos controladores de tránsito aéreo.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos do disposto neste real decreto entenderase por:

1. «Servizo de control de tránsito aéreo»: servizo subministrado co fin de previr colisións entre aeronaves e, na área de manobras, entre aeronaves e obstáculos, e de acelerar e manter ordenado o movemento do tránsito aéreo garantindo os máximos niveis de seguranza e optimizando a capacidade do espazo aéreo e do aeródromo.

2. «Provedor de servizos de navegación aérea»: calquera entidade pública ou privada que ofrezca os seus servizos para os movementos de aeronaves do tránsito aéreo xeral.

3. «Tránsito aéreo xeral»: todos os movementos de aeronaves civís, ben como os de aeronaves de Estado, cando eses movementos se leven a cabo de conformidade cos procedementos da Organización de Aviación Civil Internacional (en diante OACI).

4. «Licenza»: documento expedido pola autoridade nacional de supervisión competente que faculta o seu titular para prestar servizos de control de tránsito aéreo, de acordo coas habilitacións e anotacións practicadas conforme o disposto neste real decreto.

5. «Habilitación»: autorización incorporada ou asociada a unha licenza, da cal forma parte, en que se establecen as condicións específicas, atribucións ou restricións relacionadas con esa licenza. As habilitacións da licenza serán, polo menos, unha das seguintes:

- a) Control de aeródromo visual;
- b) Control de aeródromo por instrumentos;
- c) Control de aproximación por procedementos;
- d) Control de vixilancia de aproximación;
- e) Control de área;
- f) Control de vixilancia de área.

6. «Anotación de habilitación»: autorización incorporada a unha licenza, da cal forma parte, en que se indican as condicións específicas, atribucións ou restricións relacionadas coa habilitación a que corresponda.

7. «Anotación de unidade»: autorización incorporada a unha licenza, da cal forma parte, en que se sinala o indicador de lugar OACI e os sectores e posicións en que o titular da licenza ten competencia para traballar.

8. «Anotación de idioma»: autorización incorporada a unha licenza, da cal forma parte, que acredita o nivel de competencia lingüística do titular.

9. «Anotación de instrutor»: autorización incorporada a unha licenza, da cal forma parte, que acredita a aptitude do seu titular para impartir a formación práctica de traballo.

10. «Indicador de lugar OACI»: código de catro letras, formulado de acordo coas disposicións prescritas pola OACI no seu manual Doc. 7910, e asignado ao lugar en que está situada unha estación fixa aeronáutica.

11. «Sector»: parte dunha área de control ou parte dunha rexión ou rexión superior de información de voo.

12. «Formación»: totalidade de cursos teóricos, exercicios prácticos, incluídos os de simulación, se procede, e formación práctica de traballo, exixidos para obter e manter as aptitudes necesarias para prestar servizos de control de tránsito aéreo en condicións de seguranza e de elevada calidade. A formación consiste en:

- a) Formación inicial, que prové a formación básica e de habilitación necesaria para a expedición da licenza de alumno controlador.
- b) Formación de unidade, que engloba a formación de transición previa á realización de formación práctica de traballo e a formación práctica de traballo, necesaria para a expedición da licenza de controlador de tránsito aéreo.
- c) Formación continua, necesaria para manter a eficacia das anotacións na licenza.
- d) Formación de instrutor, necesaria para obter a anotación de instrutor de formación práctica de traballo.
- e) Formación de examinadores e avaliadores.

13. «Provedor de formación»: organización recoñecida pola autoridade nacional de supervisión como competente para impartir un ou varios tipos de formación.

14. «Plan de capacitación de unidade»: plan aprobado en que se indica o método polo cal a unidade mantén a aptitude dos titulares de licenza que a integran.

15. «Plan de formación de unidade»: plan aprobado en que se detallan os procedementos e o calendario necesarios para proporcionar a formación exixible para que se apliquen os procedementos dunha unidade a unha área, baixo a supervisión dun instrutor de formación debidamente autorizado.

Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto é aplicable aos alumnos controladores de tránsito aéreo e aos controladores de tránsito aéreo que presten os seus servizos de control de tránsito aéreo para movementos de aeronaves de tránsito aéreo xeral.

2. Os servizos de control de tránsito aéreo xeral serán realizados exclusivamente polos titulares dunha licenza de controlador de tránsito aéreo expedida de acordo co previsto neste real decreto.

CAPÍTULO II

Licenza de alumno controlador de tránsito aéreo e de controlador de tránsito aéreo

Artigo 4. *Principios por que se rexe a concesión das licenzas.*

1. Para a obtención dunha licenza de alumno controlador de tránsito aéreo ou de controlador de tránsito aéreo, o solicitante deberá demostrar a súa aptitude para exercer tales funcións. As probas de aptitude terán relación cos seus coñecementos, experiencia, habilidades e competencia lingüística.

2. A licenza expedirase a favor do seu titular, e será asinada por el.

3. A licenza de alumno controlador de tránsito aéreo deberá incluír, cando menos, unha habilitación e unha anotación de habilitación, se procede.

4. A licenza incluírá os elementos enumerados no anexo I.

5. As licenzas expediranse en idioma castelán e incluírán unha tradución para o idioma inglés dos elementos enumerados no anexo I.

Artigo 5. *Condicións para a obtención da licenza de alumno controlador de tránsito aéreo.*

Os requisitos exixidos para a obtención da licenza de alumno controlador de tránsito aéreo serán os seguintes:

- a) Ter 18 anos cumpridos e estar en posesión do título de bacharelato ou dun título que permita o acceso á universidade ou equivalente.

b) Ter superado os cursos aprobados pola autoridade nacional de supervisión competente, relativos á formación inicial e destinados á obtención da habilitación e da anotación de habilitación requiridas, conforme o establecido nos artigos 4.3 e 15.

c) Estar en posesión dun certificado médico válido e en vigor expedido de acordo cos artigos 25 e 26.

d) Ter demostrado un nivel suficiente de competencia lingüística en idioma inglés e castelán de conformidade cos requisitos establecidos no artigo 16.

Artigo 6. Atribucións da licenza de alumno controlador de tránsito aéreo.

A licenza de alumno controlador de tránsito aéreo xeral autoriza o seu titular para prestar servizos de control de tránsito aéreo xeral baixo supervisión dun instrutor de formación práctica de traballo.

Artigo 7. Condicións para a obtención da licenza de controlador de tránsito aéreo.

1. Os requisitos exixidos para a obtención da licenza de controlador de tránsito aéreo serán os seguintes:

a) Ter 21 anos cumpridos.

Sen prexuízo do anterior, a autoridade nacional de supervisión competente poderá expedir, cando o considere pertinente por razóns obxectivas, a licenza de controlador de tránsito aéreo a aqueles solicitantes menores de 21 anos que, cumprindo o resto dos requisitos para a expedición desa licenza, teñan finalizado a formación inicial e o plan de formación de unidade.

b) Ser titular dunha licenza de alumno controlador de tránsito aéreo, ter finalizado un plan de formación de unidade previsto no artigo 18 e ter superado con éxito os exames ou avaliacións correspondentes.

c) Ser titular dun certificado médico válido e en vigor de acordo co disposto nos artigos 25 e 26.

d) Ter demostrado un nivel suficiente de competencia lingüística nos idiomas inglés e castelán de conformidade cos requisitos establecidos no artigo 16.

2. Para o exercicio das atribucións indicadas no artigo 8 a licenza deberá levar anotadas unha ou varias habilitacións, e as correspondentes anotacións de habilitación, unidade e idioma para as cales se superou a formación.

Artigo 8. Atribucións da licenza de controlador de tránsito aéreo.

A licenza de controlador de tránsito aéreo autoriza o titular para o exercicio profesional de todas as funcións relacionadas co control de tránsito aéreo xeral para as cales estea habilitado.

Artigo 9. Expedición, suspensión e revogación das licenzas de controlador e de alumno controlador de tránsito aéreo.

1. Corresponde á autoridade nacional de supervisión competente expedir a licenza de controlador e de alumno controlador de tránsito aéreo, unha vez comprobado que cumpre coas condicións establecidas neste real decreto, e autorizar as habilitacións e anotacións para as cales se superou a formación e a avaliación correspondente, despois de petición do interesado.

2. Así mesmo, de conformidade co disposto neste real decreto, e coa previa tramitación do correspondente procedemento administrativo, corresponde á autoridade nacional de supervisión competente:

a) Suspende as habilitacións e anotacións incorporadas a unha licenza cando existan dúbidas razoables con respecto á aptitude do controlador ou alumno controlador de tránsito aéreo.

b) Suspender, limitar ou revogar a licenza cando proceda, de conformidade co sinalado na normativa sancionadora que resulte de aplicación.

CAPÍTULO III

Habilitacións e anotacións de controlador de tránsito aéreo

Artigo 10. *Habilitacións de controlador de tránsito aéreo.*

As licenzas de controlador de tránsito aéreo conterán unha ou varias das seguintes habilitacións:

a) Habilitación de control de aeródromo visual (ADV). Acredita que o titular da licenza é apto para prestar un servizo de control de tránsito de aeródromo nun aeródromo que non posúa procedementos publicados de aproximación ou de saída por instrumentos.

b) Habilitación de control de aeródromo por instrumentos (ADI). Acredita que o titular da licenza é apto para prestar un servizo de control de tránsito de aeródromo nun aeródromo que posúa procedementos publicados de aproximación ou de saída por instrumentos, e estará acompañada, como mínimo, dunha das anotacións descritas no artigo 11 número 1.

c) Habilitación de control de aproximación por procedementos (APP). Acredita que o titular dunha licenza é apto para prestar un servizo de control de tránsito aéreo ás aeronaves que chegan, saen ou se encontran en tránsito, sen utilizar equipamentos de vixilancia.

d) Habilitación de control de vixilancia de aproximación (APS). Acredita que o titular dunha licenza é apto para prestar un servizo de control de tránsito aéreo ás aeronaves que chegan, saen ou se encontran en tránsito utilizando equipamentos de vixilancia e deberá estar acompañada, como mínimo, dunha das anotacións de habilitación descritas no artigo 11, número 2.

e) Habilitación de control de área (ACP). Acredita que o titular da licenza é apto para prestar un servizo de control de tránsito aéreo ás aeronaves sen utilizar equipamentos de vixilancia.

f) Habilitación de control de vixilancia de área (ACS). Acredita que o titular da licenza é apto para prestar un servizo de control de tránsito aéreo a aeronaves utilizando equipamentos de vixilancia e estará acompañada, como mínimo, dunha das anotacións de habilitación descritas no artigo 11 número 3.

Artigo 11. *Anotacións de habilitación.*

1. A habilitación de control de aeródromo por instrumentos (ADI) incluirá, cando menos, unha das anotacións seguintes:

a) Anotación de torre de control (TWR), pola cal se acredita que o titular é apto para prestar servizos de control nos casos en que o control de aeródromo se efectúe desde unha única posición dese aeródromo.

b) Anotación de control de movementos en terra (GMC), pola cal se acredita que o titular da licenza é apto para exercer ese control.

c) Anotación de vixilancia de movementos en terra (GMS), que se outorga como complemento das anotacións de control de movementos en terra ou de torre de control, e acredita que o titular é apto para exercer o control de tales movementos coa asistencia de sistemas de guía de movementos na superficie.

d) Anotación de control aéreo (AIR), pola cal se acredita que o titular é apto para exercer ese control.

e) Anotación de control radar de aeródromo (RAD), que se outorga como complemento das anotacións de control aéreo ou de torre de control, e acredita que o titular da licenza é apto para exercer o control de aeródromo coa asistencia de equipamentos de radar de vixilancia.

2. A habilitación de control de vixilancia de aproximación (APS) incluírá, cando menos, unha das anotacións seguintes:

- a) Anotación de radar (RAD), pola cal se acredita que o titular da licenza é apto para prestar un servizo de control de aproximación utilizando equipamentos de radar primario ou secundario.
- b) Anotación de radar de precisión para a aproximación (PAR), que se outorga como complemento da anotación de radar e acredita que o titular da licenza é apto para efectuar aproximacións de precisión dirixidas desde terra, utilizando equipamentos de radar de precisión na fase de aproximación final á pista.
- c) Anotación de aproximación con radar de vixilancia (SRA), que se outorga como complemento da anotación de radar e acredita que o titular da licenza é apto para efectuar aproximacións de non precisión dirixidas desde terra utilizando equipamentos de vixilancia na fase de aproximación final á pista.
- d) Anotación de vixilancia dependente automática (ADS), pola cal se acredita que o titular é apto para prestar un servizo de control de aproximación, utilizando sistemas de vixilancia dependente automática.
- e) Anotación de control de terminal (TCL), que se outorga como complemento das anotacións de radar ou de vixilancia dependente automática, e acredita que o titular é apto para prestar servizos de control de tránsito aéreo, utilizando calquera equipamento de vixilancia, destinados a aeronaves que operen nunha determinada área terminal e/ou en sectores adxacentes.

3. A habilitación de control de vixilancia de área (ACS) incluírá, polo menos, unha das anotacións seguintes:

- a) Anotación de radar (RAD), pola cal se acredita que o titular é apto para prestar servizos de control de área utilizando equipamentos de radar de vixilancia.
- b) Anotación de vixilancia dependente automática (ADS), pola cal se acredita que o titular é apto para prestar servizos de control de área, utilizando sistemas de vixilancia dependente automática.
- c) Anotación de control terminal (TCL), que se outorga como complemento das anotacións de radar ou de vixilancia dependente automática, e acredita que o titular é apto para prestar servizos de control de tránsito aéreo, utilizando calquera equipamento de vixilancia, destinados a aeronaves que operen nunha determinada área terminal ou en sectores adxacentes.
- d) Anotación de control oceánico (OCN), pola cal se acredita que o titular é apto para prestar servizos de control de tránsito aéreo ás aeronaves que operen nunha área de control oceánico.

4. Sen prexuízo do disposto nos números 1, 2 e 3, por orde ministerial, e por proposta da autoridade nacional de supervisión competente, poderanse establecer anotacións en casos excepcionais, debidos unicamente ás características específicas do tránsito que opera no espazo aéreo da súa responsabilidade. Estas anotacións non afectarán a total liberdade de movemento dos controladores de tránsito aéreo nin a correcta prestación dos servizos de control.

Artigo 12. *Anotación de unidade.*

1. A anotación de unidade indicará que o titular da licenza é competente para prestar servizos de control de tránsito aéreo xeral para un sector, grupo de sectores ou postos de traballo concretos baixo a responsabilidade dunha unidade de servizos de tránsito aéreo, unha vez finalizado o plan de formación de unidade correspondente aprobado pola autoridade nacional de supervisión competente.

2. Cando o considere necesario, a autoridade nacional de supervisión competente poderá establecer, por motivos de seguranza, que as atribucións dunha anotación de unidade só sexan exercidas polos titulares dunha licenza até un determinado límite de idade.

Artigo 13. *Anotación de idioma.*

A licenza de controlador de tránsito aéreo conterá a correspondente anotación de idioma acreditativa do nivel de competencia lingüística do seu titular nos idiomas inglés e castelán, que, como mínimo, será o establecido no artigo 16.

Artigo 14. *Anotación de instrutor.*

A licenza de controlador de tránsito aéreo poderá conter unha anotación de instrutor, indicativa da aptitude do titular para efectuar tarefas de formación práctica de traballo en calquera das áreas cubertas por unha habilitación en vigor.

CAPÍTULO IV

Formación dos controladores de tránsito aéreo

Artigo 15. *Formación inicial.*

1. A formación inicial garantirá que os alumnos controladores de tránsito aéreo satisfagan, como mínimo, os obxectivos de formación básica e de habilitación definidos pola Organización Europea para a Seguraza da Navegación Aérea (en diante Eurocontrol) nas «Orientacións sobre contidos básicos e obxectivos de formación comúns para a formación de controladores de tránsito aéreo» vixentes, co obxecto de que estean en condicións de regular o tráfico aéreo de maneira segura, rápida e eficaz.

2. A formación inicial cubrirá os seguintes temas: dereito de aviación, xestión de tránsito aéreo (incluídos os procedementos de coordinación civil e militar), meteoroloxía, navegación, aeronaves e principios do voo (incluída a comprensión entre o controlador de tránsito aéreo e o piloto), factores humanos, equipamentos e sistemas, contorno profesional, seguraza e cultura da seguraza, sistemas de xestión da seguraza, situacións inusuais e de emerxencia, sistemas degradados e coñecementos lingüísticos (incluídas a fraseoloxía radiotelefónica), ben como procedementos nacionais de seguraza para a aviación civil.

3. O ensino destes temas impartirase de modo que prepare os interesados para os diversos tipos de servizos de tráfico aéreo, facendo fincapé nos aspectos de seguraza, sen que sexa preciso que os formadores manteñan as súas licenzas e habilitacións en vigor.

4. O contido e estrutura da formación inicial determinarase no correspondente plan inicial de formación, o cal deberá ser confeccionado e implementado polo provedor de formación con independencia do provedor de servizos de navegación aérea. Este plan de formación inicial deberá ser aprobado pola autoridade nacional de supervisión competente, incluíndo cursos teóricos e prácticos, exercicios de simulación, se procede, que determinará a súa duración.

5. As aptitudes adquiridas polos interesados deberán garantir a súa capacidade para regular situacións complexas de tráfico denso, e facilitar a transición á formación de unidade. Unha vez finalizada a formación inicial, a aptitude do interesado avaliarase mediante exames adecuados ao caso ou mediante un sistema de avaliación continua.

Artigo 16. *Competencia lingüística.*

1. Os controladores de tránsito aéreo deben demostrar a súa capacidade para falaren e comprenderen os idiomas inglés e castelán de maneira satisfactoria, tanto no uso da terminoloxía e a fraseoloxía normalizada como no manexo do idioma.

2. Os aspirantes ou titulares dunha licenza de controlador de tránsito aéreo deberán ser capaces de:

a) Comunicarse efectivamente de forma oral (teléfono e radioteléfono) e en situacións cara a cara;

b) Comunicarse con exactitude e clarezza sobre temas comúns, concretos e relacionados co traballo;

c) Utilizar estratexias comunicativas adecuadas para trocar mensaxes e para recoñecer e aclarar malentendidos (por exemplo, para comprobar, confirmar ou aclarar algunha información), nun contexto xeral ou de traballo;

d) Manexar satisfactoriamente e con relativa facilidade os retos lingüísticos que poida crear unha complicación ou unha evolución imprevisible dos acontecementos, no contexto dunha situación rutineira de traballo ou unha tarefa comunicativa con que estean familiarizados; e

e) Expresarse nun dialecto ou cun acento que resulten comprensibles para a comunidade aeronáutica.

3. O nivel requirido para o cumprimento do número anterior será, como mínimo, o nivel operacional (4) da escala de cualificación de competencia lingüística que se inclúe no anexo II, tanto para o idioma inglés como para o castelán.

4. Non obstante o disposto nos números anteriores, naquelas unidades en que se preste servizo de control de tránsito aéreo a un volume significativo de operacións de tráfico aéreo internacional, poderanse eximir do requisito de competencia lingüística en castelán, por un período de tempo limitado, aqueles titulares de licenzas comunitarias de controlador de tránsito aéreo de conformidade co disposto no artigo 27 deste real decreto.

Artigo 17. *Avaliación da competencia lingüística.*

1. O nivel de competencia lingüística deberá ser avaliado, de forma transparente e obxectiva, por unha organización debidamente autorizada pola autoridade nacional de supervisión competente para realizar a avaliación. A entidade deberá expedir un certificado ao interesado en que se faga constar o resultado da avaliación e a data en que esta se realizou, que servirá de base para realizar a correspondente anotación de idioma na licenza.

2. A competencia lingüística do solicitante avaliarase formalmente a intervalos periódicos de acordo co establecido no artigo 24, conforme o procedemento que regulamentariamente se determine.

Artigo 18. *Formación de unidade.*

1. Para a obtención da licenza de controlador de tránsito aéreo cómpre superar o correspondente plan de formación de unidade xestionando tráfico aéreo real.

Este plan de formación, ben como calquera outro plan de formación de unidade, serán aprobados pola autoridade nacional de supervisión competente por proposta dos provedores de formación.

2. Nos plans de formación de unidade especificaranse os procedementos e o calendario necesarios para proporcionar a formación exixible para que os procedementos dunha unidade se apliquen a unha área baixo a supervisión dun instrutor de formación debidamente autorizado.

3. O plan aprobado conterá todos os elementos do sistema de avaliación de aptitude, o que inclúe as formas de traballo, a avaliación e o exame de progreso e os procedementos de notificación á autoridade nacional de supervisión competente. Así mesmo, incluírá os adestramentos de transición e os previos á ocupación do posto de traballo, se resultar preciso.

4. No plan de formación de unidade incorporaranse, se for o caso, os elementos que sexan necesarios para asegurar a adecuación da formación ás condicións nacionais específicas da unidade de servizo.

5. A duración da formación de unidade quedará determinada no plan correspondente. A avaliación das aptitudes exixidas realizarase mediante exames adecuados ao caso ou a través dun sistema de avaliación continua, e estará confiada a examinadores ou avaliadores autorizados pola autoridade nacional de supervisión competente, que adoptarán as súas decisións de maneira neutral e obxectiva.

Artigo 19. *Formación continua dos controladores de tránsito aéreo.*

1. Os titulares dunha licenza de controlador de tránsito aéreo deberanse someter a un proceso de formación continua, co fin de manter as correspondentes habilitacións e anotacións de unidade en vigor.

2. A formación continua constará de cursos teóricos e prácticos, incluídos os exercicios de simulación, se proceden. Con este fin, o provedor de formación establecerá plans de capacitación de unidade en que se especificarán as modalidades, as necesidades de persoal e a duración necesarias para prestar unha formación continua e apropiada, e demostrar a aptitude dos interesados. Os plans serán revisados e aprobados pola autoridade nacional de supervisión, como mínimo, cada tres anos.

A duración da formación continua establecerase consonte as necesidades funcionais da prestación dos servizos de control de tránsito aéreo, e en función dos requisitos globais de xestión de seguranza que estableza a entidade provedora de servizos de navegación aérea.

A aptitude de todo controlador de tránsito aéreo deberase avaliar debidamente, como mínimo, cada tres anos. A falta de superación da avaliación carretará a perda de eficacia da anotación de unidade correspondente.

3. A entidade provedora de servizos de navegación aérea velará por que se apliquen mecanismos que garantan un trato non discriminatorio entre os titulares de licenzas cuxas anotacións non poidan ser prorrogadas.

4. Con obxecto de garantir que os controladores de tránsito aéreo posúan a formación suficiente en seguranza, protección e xestión de crise, a autoridade nacional de supervisión competente establecerá un programa periódico de auditorías aos provedores de servizos de navegación aérea, para verificar o cumprimento do establecido nos números anteriores.

Artigo 20. *Instrutor de controlador de tránsito aéreo.*

1. Os requisitos exixidos aos titulares dunha licenza de controlador de tránsito aéreo para a obtención dunha anotación de instrutor de formación práctica de traballo serán os seguintes:

a) Ter prestado servizos de control de tránsito aéreo xeral durante un período inmediatamente anterior non inferior a un ano. Non obstante, a autoridade nacional de supervisión competente poderá establecer un período superior en función da complexidade do servizo, tendo en conta as habilitacións e anotacións para as cales se imparte a instrución.

b) Ter finalizado e superado con éxito un curso de instrutor de formación práctica de traballo aprobado pola autoridade nacional de supervisión competente, durante o cal se efectuasen exames adecuados para avaliar os coñecementos e cualificacións pedagóxicas exixidas.

2. A anotación de instrutor validamente outorgada será eficaz por un período renovable de tres anos.

Artigo 21. *Examinadores ou avaliadores da aptitude.*

1. A autoridade nacional de supervisión competente autorizará os titulares de licenzas que teñan de actuar como examinadores ou avaliadores de aptitude, no marco da formación de unidade e da formación continua.

2. A autorización validamente outorgada será eficaz por un período renovable de tres anos.

CAPÍTULO V

Vixencia das habilitacións e anotacións

Artigo 22. *Condições para manter as anotacións de unidade en vigor.*

1. As anotacións de unidade validamente outorgadas serán eficaces por un período inicial de doce meses.

2. A eficacia das anotacións de unidade prorrogárase por períodos sucesivos de doce meses, se o provedor de servizos de navegación aérea demostra que:

a) O solicitante da prórroga exerceu as atribucións da licenza durante un número mínimo de horas que se indique no programa de competencia da unidade, ao longo dos doce meses precedentes.

O número mínimo de horas de traballo, sen contar coas dedicadas ás tarefas de instrución, requirido para manter a vixencia da anotación de unidade para a cal se solicita a prórroga, poderase reducir para os instrutores de formación práctica de traballo de maneira proporcional ao tempo dedicado á instrución de controladores alumnos na dita formación.

b) O candidato realizou a formación exixida polo artigo 19, e

c) O candidato posúe un certificado médico de clase 3 válido e en vigor.

Artigo 23. *Revalidación das habilitacións e anotacións.*

1. Cando caduquen as anotacións de unidade, deberase superar un plan de formación de unidade para revalidar a anotación.

2. O titular dunha habilitación ou dunha anotación de habilitación que non prestase servizos de control de tránsito aéreo asociados a esa habilitación ou anotación de habilitación durante un período de catro anos consecutivos, só poderá iniciar unha formación de unidade nesa habilitación ou anotación de habilitación após unha adecuada avaliación dos seus coñecementos e capacidades na cal se determine que segue a ser apto para satisfacer as condicións desa habilitación ou anotación de habilitación.

No caso de que o resultado da avaliación determine que o titular non satisfai total ou parcialmente as condicións desa habilitación ou anotación de habilitación, o provedor de formación desenvolverá un plan de formación que deberá ser aprobado pola autoridade nacional de supervisión para superar as carencias de aptitude. Unha vez superado este plan de formación, o titular poderá iniciar a formación de unidade nesa habilitación ou anotación de habilitación.

3. Superado o plan de formación de unidade para revalidar a anotación de unidade, esta manterase en vigor durante o prazo de 12 meses sempre que o candidato estea en posesión dun certificado médico de clase 3 en vigor, prorrogándose conforme o previsto no artigo anterior.

Artigo 24. *Eficacia da anotación de idioma.*

1. Os períodos de eficacia da anotación de idioma dependerán do nivel de competencia lingüística, tal e como se indica a seguir:

a) Nivel operacional (4): tres (3) anos.

b) Nivel avanzado (5): seis (6) anos.

c) Nivel experto (6): indefinido.

2. A anotación de idioma deberá ser renovada á finalización do seu período de eficacia, sendo necesario someterse a unha nova avaliación do nivel de competencia lingüística.

CAPÍTULO VI

Requisitos médicos*Artigo 25. Certificados médicos.*

1. Os certificados médicos de controlador de tránsito aéreo expediranse polos centros médicos ou médicos examinadores que, sen prexuízo de estaren autorizados pola autoridade competente de acordo coa lexislación sanitaria, obtivesen a autorización da autoridade nacional de supervisión competente, de conformidade cos requisitos adoptados polo Eurocontrol para o certificado médico europeo de clase 3.

2. Nas normas de desenvolvemento deste real decreto estableceranse, conforme as regras do Eurocontrol, os requisitos médicos necesarios para a obtención do certificado médico aeronáutico de clase 3 e a duración da eficacia do certificado médico, atendendo á idade do alumno controlador ou controlador de tránsito aéreo.

3. As decisións adoptadas na expedición ou renovación dos certificados médicos poderán ser revisadas por tribunais médicos independentes.

Artigo 26. Revogación ou suspensión do certificado médico.

1. O provedor de servizos de navegación aérea e o provedor de formación non permitirán que un controlador ou alumno controlador de tránsito aéreo exerza as súas atribucións cando existan indicios razoables de diminución da capacidade psicofísica ou cando se encontre baixo os efectos dalgunha substancia psicoactiva, alcohol ou algún medicamento que lle poida impedir exercer as atribucións a que se refire a licenza, de maneira correcta e segura. Os procedementos establecidos para o efecto serán aprobados pola autoridade nacional de supervisión competente.

2. Así mesmo, o provedor de servizos de navegación aérea e o provedor de formación establecerán procedementos adecuados, que serán aprobados pola autoridade nacional de supervisión competente, para tratar os casos de redución da capacidade psicofísica, e que permitan ao titular dunha licenza de controlador ou alumno controlador de tránsito aéreo notificar que se deu conta dunha diminución da dita capacidade, ou que se encontra baixo os efectos dalgunha substancia psicoactiva ou algún medicamento que lle poida impedir exercer as atribucións que confire a licenza, de maneira correcta e segura.

3. Cando concorran estas circunstancias, a autoridade nacional de supervisión competente, de oficio, por instancia do provedor de servizos de navegación aérea, do provedor de formación ou do propio controlador ou alumno controlador, poderá requirir o interesado para que renove o seu certificado médico, ou iniciar un procedemento de revogación ou suspensión da eficacia do certificado médico de que sexa titular o controlador ou alumno controlador.

CAPÍTULO VII

Recoñecemento de licenzas comunitarias de controlador de tránsito aéreo*Artigo 27. Recoñecemento mutuo das licenzas comunitarias de controlador de tránsito aéreo.*

1. Corresponde á Axencia Estatal de Seguranza Aérea (AESA), de acordo coas competencias que ten atribuídas, o recoñecemento e aceptación das licenzas comunitarias de controlador de tránsito aéreo, das súas habilitacións, anotacións de habilitación e anotacións de idioma asociadas, que fosen expedidas polas autoridades nacionais de supervisión dos Estados membros da Unión Europea, ben como do certificado médico que o acompaña.

AESA procederá ao recoñecemento e aceptación da licenza unicamente nos casos en que esta foi expedida de conformidade coas disposicións e principios recollidos na Directiva 2006/23/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de abril de 2006, relativa á licenza comunitaria de controlador de tránsito aéreo. A citada autoridade, se o considera procedente, poderá consultar previamente o órgano competente da Unión Europea.

En calquera caso, o solicitante do recoñecemento da licenza deberá superar o límite de idade de 21 anos.

2. Naqueles casos en que o titular da licenza exerza as atribucións da licenza nun Estado membro distinto daquel en que se expediu a licenza, o titular da licenza terá dereito a trocala por unha expedida pola autoridade nacional de supervisión do Estado membro en que exerza as súas atribucións, sen que se impoñan condicións adicionais.

3. AESA, antes de proceder á anotación de unidade, verificará a superación do plan de formación de unidade correspondente, ben como o cumprimento das condicións específicas asociadas á anotación de que se trate, especificando a unidade, o sector ou grupo de sectores ou a posición ou posicións para os cales superou a correspondente formación.

Na elaboración do plan de formación de unidade, o provedor da formación terá en conta as aptitudes adquiridas polo solicitante e a súa experiencia.

AESA, con respecto aos principios de non-discriminación e proporcionalidade, aprobará o plan de formación de unidade que conteña a formación proposta para o interesado, nun prazo máximo de seis semanas a partir da presentación da documentación.

Artigo 28. *Cooperación entre autoridades nacionais de supervisión.*

A autoridade nacional de supervisión competente facilitará a información adecuada e asistencia recíproca a outras autoridades nacionais de supervisión da Unión Europea, para garantir a correcta aplicación da Directiva 2006/23/CE, do 5 de abril, e, en particular, nos casos que afecten a libre circulación dos controladores de tránsito aéreo dentro da Unión Europea.

CAPÍTULO VIII

Provedores de formación

Artigo 29. *Certificación dos provedores de formación.*

1. Salvo o previsto no artigo 35.2 en relación cos provedores militares de formación, a prestación dos servizos de formación aos controladores de tránsito aéreo dentro do ámbito de aplicación deste real decreto, ben como o procedemento de avaliación, estarán suxeitos á certificación da autoridade nacional de supervisión competente.

2. Os requisitos para a obtención da certificación son os descritos no artigo 30.

3. As solicitudes de certificación dos provedores de formación que teñan en España o seu lugar principal de operacións e, se for o caso, a súa sede social, deberanse dirixir á autoridade nacional de supervisión competente.

4. A autoridade nacional de supervisión competente outorgará e expedirá o certificado de provedor de formación cando os interesados cumpran os requisitos que se establecen no artigo 30, e fixará o período de vixencia que, atendendo, en cada caso, á capacidade dos provedores, non poderá exceder cinco anos.

5. Os certificados poderanse expedir en relación con cada tipo de formación ou en combinación con outros servizos de navegación aérea, caso en que o tipo de formación e o tipo de servizo de navegación aérea se deberán certificar como un conxunto de servizos. Nos certificados especificarase a información establecida no artigo 31.

6. A autoridade nacional de supervisión competente supervisará, mediante auditorías periódicas e, se for o caso, mediante visitas sobre o terreo, o cumprimento dos requisitos e as condicións que acompañan os certificados. Se a autoridade nacional de supervisión competente constatar que o titular dun certificado deixou de satisfacer tales requisitos ou condicións, adoptará as medidas oportunas, entre as cales poderá figurar a suspensión ou a retirada do certificado, precedendo audiencia do interesado.

7. A autoridade nacional de supervisión competente poderá decidir a delegación total ou parcial das funcións e inspeccións de auditoría mencionadas no número anterior, en organizacións recoñecidas de conformidade co establecido no artigo 3 do Regulamento (CE) 550/2004, do Parlamento e do Consello, do 10 de marzo de 2004, relativo á prestación de servizos de navegación aérea no ceo único europeo, e demais normativa que resulte de aplicación.

8. A autoridade nacional de supervisión competente recoñecerá os certificados expedidos noutro Estado membro, consonte a Directiva 2006/23/CE, do 5 de abril.

Artigo 30. Requisitos para a certificación dos provedores de formación.

Para obter a certificación mencionada no artigo anterior, os provedores de formación deberán acreditar que están dotados do persoal e equipamento adecuados, e que operan nun ambiente apropiado para impartir a formación necesaria para a obtención das licenzas de alumno controlador de tránsito aéreo ou de controlador de tránsito aéreo. En particular, deberán acreditar que:

a) Posúen unha estrutura de xestión eficaz e dispoñen de persoal suficiente coa debida cualificación e experiencia, para impartiren formación conforme as normas establecidas neste real decreto.

b) Dispoñen dos locais necesarios e equipamentos adecuados ao tipo de formación que deben impartir.

c) Contan cun manual de instrución aprobado pola autoridade nacional de supervisión competente, no cal se detalle a metodoloxía que se observará na determinación do contido, organización e duración dos cursos de formación, os plans de formación de unidade e os plans de capacitación de unidade, segundo proceda, incluído o modo en que se organizarán os exames ou avaliacións.

Para os exames relativos á formación inicial, incluída a formación práctica en simulador cando proceda, os examinadores ou avaliadores reunirán os requisitos previstos no artigo 21 e cumpriranse as demais condicións que fixe a autoridade nacional de supervisión competente.

d) Posúen un sistema de xestión de calidade que garanta que os servizos de formación prestados satisfán as normas establecidas neste real decreto e demais normativa aplicable.

e) Dispoñen de suficiente financiamento para impartir a formación conforme as normas establecidas neste real decreto, e que as actividades están suficientemente cubertas por seguros adecuados á natureza da formación que se imparte.

Artigo 31. Contido dos certificados de provedores de formación.

Nos certificados deberanse especificar os seguintes datos:

- a) Autoridade que expide o certificado.
- b) Identidade do interesado.
- c) Tipo de servizos que se certifican.
- d) Declaración de que o interesado cumpre os requisitos sinalados no artigo 30.
- e) Data de expedición e período de vixencia do certificado.

CAPÍTULO IX

Aptitude dos controladores de tránsito aéreo

Artigo 32. Garantía da aptitude de controladores de tránsito aéreo.

Para garantir o grao de aptitude imprescindible para que os controladores de tránsito aéreo executen as súas tarefas mantendo un alto nivel de seguranza, a autoridade nacional

de supervisión competente realizará a supervisión e o seguimento da formación que reciben.

Artigo 33. *Base de datos de controladores de tránsito aéreo.*

A autoridade nacional de supervisión competente garantirá que se manteña unha base de datos en que se conservará a información relativa á aptitude de todos os titulares de licenzas baixo a súa responsabilidade e a data de expiración das súas anotacións.

Para iso, as unidades operativas dos provedores de servizos de navegación aérea manterán rexistros das horas efectivamente prestadas nos sectores, grupos de sectores ou postos de traballo por cada titular de licenza que traballe na unidade, e deben transmitir esta información á autoridade nacional de supervisión competente, por pedimento desta, igual que calquera suposto de mingua na aptitude ou competencia para o exercicio das atribucións que a un controlador de tránsito aéreo lle confire a súa licenza, habilitacións e anotacións.

CAPÍTULO X

Autoridades competentes e réxime sancionador

Artigo 34. *Axencia Estatal de Seguranza Aérea.*

A Axencia Estatal de Seguranza Aérea é a autoridade civil nacional de supervisión, que desempeñará as tarefas asignadas neste real decreto en relación cos controladores de tránsito aéreo e alumnos controladores que exerzan as súas funcións baixo a responsabilidade de provedores civís de servizos de navegación aérea ou provedores civís de formación.

Artigo 35. *Ministerio de Defensa.*

1. O Estado Maior do Exército do Aire é a autoridade militar de supervisión, que desempeñará as tarefas asignadas neste real decreto en relación cos controladores de tránsito aéreo e alumnos controladores que exerzan as súas funcións baixo a responsabilidade de provedores militares de servizos de navegación aérea ou provedores militares de formación.

2. De conformidade co sinalado no art. 7.5 do Regulamento CE 550/2004, do 10 de marzo, a autoridade militar nacional de supervisión non estará obrigada a certificar o provedor militar de servizos de navegación aérea. Así mesmo, tampouco estará obrigada a certificar os provedores militares de formación nin a autorizar as organizacións militares de avaliación de competencia lingüística. Non obstante, aqueles deberán cumprir cos requisitos sinalados no artigo 30.

A autoridade militar nacional de supervisión garantirá que o nivel de seguranza e de calidade dos servizos ao tránsito aéreo xeral sexa equivalente ao que resulte da aplicación das disposicións deste real decreto e da normativa internacional aplicable.

Artigo 36. *Réxime sancionador.*

O incumprimento dos preceptos contidos neste real decreto e na súa normativa de desenvolvemento polos controladores de tránsito aéreo e alumnos controladores que exerzan as súas funcións baixo a responsabilidade de provedores civís de servizos de navegación aérea, ou polos provedores civís de formación, constitúe unha infracción administrativa en materia de aviación civil conforme o disposto no réxime sancionador regulado pola Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguranza aérea.

Disposición transitoria primeira. *Troca de habilitacións e anotacións de controladores civís de tránsito aéreo.*

1. No prazo dun ano e con respecto aos titulares de licenzas, habilitacións e anotacións expedidas pola Dirección Xeral de Aviación Civil ao abeiro do Real decreto

3/1998, do 9 de xaneiro, sobre o título profesional aeronáutico civil e licenza de controlador de tránsito aéreo, determinaranse mediante resolución da Axencia Estatal de Seguranza Aérea os requisitos e procedementos para a práctica das novas anotacións configuradas por este real decreto, ben como para a troca pola dita autoridade, das habilitacións e anotacións en vigor expedidas consonte a normativa anteriormente vixente polas establecidas na presente norma, mantendo entre tanto as atribucións correspondentes ás habilitacións e anotacións de que foren titulares.

2. A Axencia Estatal de Seguranza Aérea estimará as solicitudes de recoñecemento de licenzas de controlador de tránsito aéreo formuladas por cidadáns da Unión Europea con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, mediante a expedición dunha licenza nacional española de controlador de tránsito aéreo, sempre que o interesado acredite que a formación aeronáutica recibida para a obtención da licenza é equivalente á formación establecida en España en virtude do Real decreto 3/1998, do 9 de xaneiro.

Ademais, o interesado deberá ter un coñecemento fluído dos idiomas castelán e inglés e contar cun certificado médico de clase 3 en vigor emitido conforme os requisitos adoptados polo Eurocontrol.

Serán recoñecidas tanto as licenzas como as habilitacións e anotacións de habilitación asociadas incluídas nelas, sempre que a formación recibida sexa equivalente á establecida en España antes da entrada en vigor deste real decreto.

En caso de non se acreditar unha formación aeronáutica equivalente á vixente en España antes da entrada en vigor deste real decreto, a Axencia Estatal de Seguranza Aérea poderá exixir a realización dun período de prácticas ou a superación dunha proba de aptitude para compensar as diferenzas de formación existentes. En todo caso, o interesado terá dereito a recibir en España a formación teórico-práctica necesaria para obter unha anotación de unidade que lle permita exercer a profesión de controlador en España.

Disposición transitoria segunda. Prazo de implementación do real decreto pola autoridade militar de supervisión.

No prazo dun ano, a autoridade militar nacional de supervisión deberá ditar as normas, aprobar os procedementos e adoptar as medidas necesarias para garantir que os controladores militares que presten servizos de control de tránsito aéreo xeral cumpran cos requirimentos deste real decreto.

Así mesmo, elaborará un procedemento para a troca pola dita autoridade das habilitacións e anotacións expedidas consonte a normativa anteriormente vixente, polas establecidas na presente norma, mantendo entre tanto as atribucións correspondentes ás habilitacións e anotacións de que foren titulares.

Disposición transitoria terceira. Cumprimento das disposicións de competencia lingüística.

Os alumnos controladores de tránsito aéreo e os titulares dunha licenza de controlador de tránsito aéreo deberán cumprir, a partir do 17 de maio de 2010, os requisitos de competencia lingüística establecidos no artigo 17.

Disposición transitoria cuarta. Certificación dos provedores civís de formación.

No prazo dun ano desde a entrada en vigor das circulares aeronáuticas a que se refire o número 1 da disposición derradeira terceira, a Axencia Estatal de Seguranza Aérea certificará os provedores civís de formación dos controladores de tránsito aéreo.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

1. Queda derogado o Real decreto 3/1998, do 9 de xaneiro, sobre o título profesional aeronáutico civil e licenza de controlador de tránsito aéreo, sen prexuízo do disposto no número 2 da disposición transitoria primeira.

Derrógase a Orde do Ministerio de Defensa n.º 511/601/1982, do 24 de febreiro de 1982, sobre licenza de controlador de circulación aérea para o persoal do Exército do Aire, e a Orde do Ministerio de Defensa 4/1990, do 9 de xaneiro, sobre as normas xerais

para a concesión, validación, revalidación, renovación, ampliación e anulación das tarxetas de aptitude do persoal con titulación aeronáutica, no relativo ao persoal controlador de tránsito aéreo.

Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

2. A Orde FOM/2418/2007, do 25 de xullo, pola que se determinan os requisitos médicos necesarios para a obtención do certificado médico aeronáutico de clase 3 referido á licenza de controlador de tránsito aéreo, como desenvolvemento deste real decreto, seguirá sendo de aplicación no que non se opoña ao disposto nel.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva que atribúe ao Estado o artigo 149.1.20.^a da Constitución en materia de control do espazo aéreo, tránsito e transporte aéreo.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Este real decreto incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2006/23/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de abril de 2006, relativa á licenza comunitaria de controlador de tránsito aéreo.

Disposición derradeira terceira. *Circulares aeronáuticas.*

1. A Dirección Xeral de Aviación Civil, por proposta da Axencia Estatal de Seguranza Aérea, establecerá mediante circular aeronáutica os requisitos organizativos e doutro tipo a que se deberán axustar os provedores civís de formación suxeitos a certificación, ben como as organizacións civís que realicen a avaliación do nivel de competencia lingüística dos controladores de tránsito aéreo, de conformidade co procedemento previsto no artigo 8 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguranza aérea.

2. A Dirección Xeral de Aviación Civil adoptará as circulares aeronáuticas que sexan necesarias para incorporar as directrices ou criterios que sexan acordados a nivel internacional, segundo o procedemento e cos límites previstos no artigo 8 da citada lei.

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación normativa, execución e aplicación.*

1. Habilítanse os ministros de Fomento e de Defensa para o desenvolvemento do disposto neste real decreto, no ámbito das súas respectivas competencias.

2. As autoridades nacionais de supervisión, no ámbito das súas competencias, adoptarán as resolucións necesarias para a aplicación e execución deste real decreto.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de outubro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

ANEXO I

Especificacións para as licenzas

As licenzas expedidas polo Estado español de conformidade co presente real decreto cumprirán as seguintes especificacións:

1. Detalles:

1.1 Deberán figurar na licenza os seguintes detalles:

- a) Nome do Estado ou da autoridade que expide a licenza (en negra);
- b) Título da licenza (en negra moi grosa);
- c) En numeración arábica, o número de serie dado á licenza pola autoridade expedidora;
- d) Nome completo do titular;
- e) Data de nacemento;
- f) Nacionalidade do titular;
- g) Sinatura do titular;
- h) Certificación de validez e autorización para que o titular exerza as atribucións propias da licenza, con indicación:

1.º Das habilitacións, anotacións de habilitación, anotacións lingüísticas, anotacións do instrutor e anotacións de unidade;

2.º Da data de expedición inicial;

3.º Das datas en que caduca a súa validez;

i) Sinatura do funcionario que expediu a licenza e data de expedición;

j) Selo ou carimbo da autoridade expedidora.

1.2 A licenza irá acompañada dun certificado médico válido.

2. Material: utilizarase papel de primeira calidade ou outro material adecuado. Os elementos que figuran no punto 1 resultarán claramente visibles sobre este material, que será de cor branca.

ANEXO II
ESCALA DE CUALIFICACIÓN DA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA: NIVEIS EXPERTO, AVANZADO E OPERACIONAL

Nivel	Pronuncia	Estrutura	Vocabulario	Fluidez	Comprensión	Interaccións
Experto 6	Expressarase nun dialecto ou cun acento comprensibles para a comunidade aeronáutica	A selección de estruturas gramaticais e patróns oracionais réxese polas funcións lingüísticas adecuadas para a tarefa	A variedade e precisión do vocabulario son suficientes para manter unha comunicación efectiva sobre unha ampla gama de temas coñecidos ou non. O vocabulario é idiomático, presenta matices e varía en función dos rexistros.	Capacidade de manter conversacións prolongadas con fluidez. Utilización do fluxo verbal para crear efectos estilísticos (por exemplo, para destacar algún punto). Uso espontáneo de marcadores e conectores do discurso correctos.	Precisión sistemática na comprensión en case todos os contextos (o cal inclúe a comprensión de sutilezas lingüísticas e culturais).	Interacción fluída en case todas as situacións. É sensible a sinais verbais e responde a eles correctamente.
Avanzado 5	A pronuncia, o acento tónico, o ritmo e a entoación pódense ver afectados pola lingua materna ou o dialecto propio, pero case nunca dificultan a comprensión.	Dominio sistemático das estruturas gramaticais e dos patróns oracionais básicos. Intentos de utilización de estruturas complexas, aínda que con erros que dificultan, ás veces, a expresión.	A variedade e precisión son suficientes para manter unha comunicación efectiva sobre temas comúns, concretos e relacionados co traballo. Uso sistemático da parafrase. O vocabulario é idiomático en ocasións.	Capacidade de manter conversacións prolongadas sobre temas coñecidos con certa fluidez, pero sen variar o fluxo verbal como ferramenta estilística. Capacidade para utilizar marcadores e conectores do discurso correctos.	Precisión na comprensión cando se trata de temas comúns, concretos e relacionados co traballo. Precisión menor ante unha complicación ou unha evolución imprevisible dos acontecementos. Capacidade para comprender unha variedade de tipos de discurso (dialectos e acentos) ou de rexistros.	Respostas inmediatas, adecuadas e cargadas de información. Xestión eficaz da relación entre falante e ómte.
Operacional 4	A pronuncia, o acento tónico, o ritmo e a entoación pódense ver afectados pola lingua materna ou o dialecto propio, pero case nunca dificultan a comprensión.	Utilización creativa e dominio frecuente das estruturas gramaticais e dos patróns oracionais básicos. Pódense producir erros, especialmente en circunstancias pouco comúns ou inesperadas, aínda que sen dificultaren, polo xeral, a expresión.	A variedade e precisión do vocabulario son, polo xeral, suficientes para manter unha comunicación efectiva sobre temas comúns, concretos e relacionados co traballo. Uso frecuente da parafrase para suplir a falta de vocabulario en circunstancias pouco comúns e inesperadas.	Capacidade para producir unidades discursivas a un ritmo adecuado. Perdas ocasionais de fluidez na transición do uso de fórmulas ou textos ensalados á interacción espontánea, aínda que sen impedir a comunicación efectiva. Uso limitado de marcadores ou conectores do discurso. Os retrousos non constitúen un factor de distracción.	Precisión xeneralizada na comprensión cando se trata de temas comúns, concretos e relacionados co traballo e o acento ou dialecto utilizado é suficientemente intelixible para a comunidade internacional de usuarios. Ante unha complicación no plano lingüístico ou situacional ou unha avaliación imprevisible dos acontecementos, a comprensión pode ser máis lenta ou requirir estratexias de aclaración.	

ESCALA DE CUALIFICACIÓN DA COMPETENCIA LINGÜÍSTICA: NIVEIS PREOPERACIONAL, ELEMENTAL E PREELEMENTAL

Nivel	Pronuncia	Estrutura	Vocabulario	Fluidez	Comprensión	Interaccións
Preoperacional	Expressarase nun dialecto ou cun acento comprensibles para a comunidade aeronáutica. A pronuncia, o acento tónico, o ritmo e a entoación verse afectados pola lingua materna ou dialecto propio e difícultan frecuentemente a comprensión.	A selección de estruturas gramaticais e patróns oracionais réxese polas funcións lingüísticas adecuadas para a tarefa. Non hai un dominio das estruturas gramaticais e os patróns oracionais básicos asociados a situacións previsibles. Os erros difícultan frecuentemente a expresión.	A variedade e precisión do vocabulario adoitan ser suficientes para manter a comunicación en relación con temas comúns, concretos ou relacionados co traballo, pero o seu alcance é limitado e a escollla dos termos é a miúdo incorrecta. Incapacidade frecuente para suplir a falta de vocabulario mediante paráfrases.	Capacidade para producir unidades discursivas, ben que a estrutura da frase e as pausas adoitan ser incorrectas. A comunicación efectiva pódese ver obstaculizada polas vacilacións ou a lentitude de proceso lingüístico. Os retrousos constitúen en ocasións un factor de distracción.	Precisión frecuente na comprensión cando se trata de temas comúns, concretos e relacionados co traballo e o acento ou dialecto utilizado é suficientemente intelixible para a comunidade internacional de usuarios. Posible incapacidade de comprensión ante unha complicación no plano lingüístico ou situacional ou unha evolución imprevisible dos acontecementos.	Respostas en ocasións inmediatas, apropiadas e cargadas de información. Facilitade razoable para iniciar e manter intercambios sobre temas cotexados e en situacións previsibles. Incapacidade habitual para manter unha evolución imprevisible dos acontecementos.
Elemental 2	A pronuncia, o acento tónico, o ritmo e a entoación verse afectados pola lingua materna ou dialecto propio e difícultan case sempre a comprensión.	Domínio limitado dun número reducido de estruturas gramaticais e patróns oracionais memorizados.	Variedade limitada de vocabulario (palabras illadas e frases memorizadas).	Capacidade para producir segmentos moi breves e illados, previamente memorizados, con pausas frecuentes. Os retrousos constitúen un factor de distracción para a busca de expresións e na articulación de palabras pouco cotexadas.	A comprensión limitase a frases illadas, previamente memorizadas, a condición de que se articulen con clareza e lentitude.	Tempo de resposta lento, con incorreccións frecuentes. A interacción limitase a intercambios rutinarios sinxelos.
Preelemental 1	Sitúase por baixo do nivel elemental.	Sitúase por baixo do nivel elemental.	Sitúase por baixo do nivel elemental.	Sitúase por baixo do nivel elemental.	Sitúase por baixo do nivel elemental.	Sitúase por baixo do nivel elemental.